Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A evolución histórica do saber científico: a ciencia como labor colectivo, interdisciplinar e en continua construción.</li> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> <li>- Hipóteses sobre a orixe da vida na Terra e investigacións no campo da astrobioloxía.</li> <li>- Evolución dos seres vivos:</li> <li>- Creacionismo e evolucionismo. Principais teorías evolutivas.</li> <li>- Probas e mecanismos de evolución.</li> </ul>



UD	Título da UD	Duración
10	A evolución humana	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Recoñecer a especiación identificando os principais procesos que xeran as especies.	Identificar os procesos que xeran as especies	PE	70
CA5.5 - Describir a hominización analizando os grandes cambios en cada unha das fases.	Identificar as fases da hominización.		
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando métodos científicos.	TI	30
CA1.4 - Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas obtendo conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.	Analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación.		
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Transmitir a opinión e a presentar a información sobre fenómenos biolóxicos utilizando o formato adecuado		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Evolución dos seres vivos:</li> <li>- Especiación.</li> <li>- Evolución humana.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
11	A interacción nos ecosistemas	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar os compoñentes do ecosistema e os niveis tróficos recoñecendo as súas interaccións e explicando a transferencia da materia e da enerxía nunha cadea ou rede trófica utilizando exemplos da contorna.	Diferenciar entre biotopo e biocenoce Citar os niveis tróficos Recoñecer o ciclo da materia nun ecosistema	PE	70
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando métodos científicos.	TI	30
CA1.4 - Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas obtendo conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.	Analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación.		
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Transmitir opinións propias e presentar información sobre fenómenos biolóxicos utilizando o formato adecuado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Estrutura do ecosistema.</li> <li>- Compoñentes. Niveis tróficos. Cadeas e redes tróficas.</li> <li>- Ciclo da materia e fluxo da enerxía.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
12	As transformacións nos ecosistemas	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.2 - Describir as etapas da sucesión ecolóxica tomando como exemplo a formación do solo.	Identificar as etapas da sucesión ecolóxica	PE	40
CA6.3 - Recoñecer as causas e as consecuencias dos impactos antrópicos e analizar criticamente a solución a un problema ambiental propoñendo accións para a conservación do medio ambiente localizando, seleccionando, organizando e analizando criticamente información de distintas fontes.	Identificar as causas e consecuencias do cambio climático, introdución de especies invasoras, destrución de hábitats e sobreexplotación.		
CA1.1 - Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos na explicación dos fenómenos biolóxicos e xeolóxicos e na realización de predicións sobre estes.	Expor preguntas e hipóteses que poidan ser respondidas utilizando métodos científicos.	TI	60
CA1.4.1. - Desenvolver un proxecto de investigación	Desenvolver un proxecto de investigación relacionado cun problema ambiental da contorna		
CA1.7 - Transmitir opinións propias fundamentadas e información sobre a bioloxía e a xeoloxía de forma clara e rigorosa, facilitando a súa comprensión e análise mediante o uso da terminoloxía e o formato adecuados (modelos, gráficos, táboas, vídeos, informes, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, contidos dixitais...).	Transmitir a opinión e a presentar a información relacionados cos problemas ambientais utilizando o formato adecuado		
CA6.4 - Identificar e analizar os diferentes problemas ambientais potenciados por determinadas accións humanas sobre unha zona xeográfica, tendo en conta as súas características e os factores socioeconómicos.	Identificar problemas ambientais nunha zona e propoñer solucións.	Baleiro	0
CA1.4 - Interpretar e analizar os resultados obtidos nun proxecto de investigación utilizando, cando sexa necesario, ferramentas matemáticas e tecnolóxicas obtendo conclusións fundamentadas ou valorar a imposibilidade de facelo.			

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación das hipóteses, preguntas e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas a través de ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente na ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> </ul>

**Contidos**

- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Dinámica do ecosistema:
- Sucesións ecolóxicas. Regresións.
- Impactos ambientais derivados da actividade humana.
- Problemáticas ambientais e posibles solucións.

**4.1. Concrecións metodolóxicas**

A metodoloxía didáctica nesta materia debe favorecer a capacidade do alumnado por aprender por se mesmo tendo en conta a diversidade e os diferentes ritmos de aprendizaxe e promover a aprendizaxe en equipo facendo fincapé na relación dos aspectos teóricos da materia coas súas aplicacións prácticas na sociedade. Así mesmo, traballarase os valores transversais fomentando especialmente a comprensión lectora e a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula.

**\* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS**

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurarse distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa: partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de ser capaces de aprender a aprender, adquirindo unha serie de coñecementos, habilidades e actitudes para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional: os novos contidos deberán ser aplicados en diferentes contextos cando os estudantes o precisen.

3º: Aprendizaxe cooperativa: traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates favorecerá o interese pola mesma e axuda ao estudante no seu perfeccionamento persoal e social.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs: coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como recurso de apoio.

En definitiva, o propósito é que o alumnado "aprenda facendo", que constrúa o seu propio coñecemento. A construción do coñecemento supón xerar novas ideas, en resposta a preguntas ou problemas, producir modelos con obxecto de interpretar fenómenos, usalos e revisalos. A avaliación do coñecemento en base ás probas dispoñibles, discutir o proceso que levou a aceptar unhas teorías e descartar outras, é unha práctica esencial do traballo científico, e é importante facer explícito este proceso na clase e que o alumnado participe nel.

**\* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS**

A metodoloxía didáctica adaptase ás características de cada estudante, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

**\* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES**

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnos.
- c) Desenvolvemento da unidade a través de diferentes tarefas e actividades.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

**\* TIPOS DE AGRUPAMENTOS**

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

**\* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS**

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros ou capítulos relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do estudante. Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa utilización de diferentes recursos (proxección de vídeos, presentacións, avaliacións interactivas, kahoots...).

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto (indicar cal) ou plataforma dixital
Dotación da aula ( proxector, encerado dixital, tradicional, pupitres...)
Aula virtual da materia
Laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía (instrumental e materiais propios)
Caderno do alumno/a
Portfolio
Materiais audiovisuais
Actividades de iniciación, desenvolvemento, estruturación, aplicación, afondamento, consolidación, síntese, reforzo e específicas de avaliación

Os materiais e recursos utilizados ó longo do curso serán o máis variados posible de tal forma que permitan manter a atención do alumno e desenvolver distintos tipos de destrezas. Os recursos en materiais que se poden usar clasificámoslos en:

- **Materiais impresos:** Cando o profesor o considere oportuno proporcionaralle ao alumnado fotocopias sobre aspectos puntuais do temario que deban ser precisados ou ampliados. Esporadicamente, poderase utilizar revistas de divulgación científica ou artigos de prensa oportunos sobre descubrimentos científicos que vaian xurdindo durante o curso. Pódense empregar como apoio os libros de texto do departamento.
- **Materiais de uso diario:** empregarase o encerado e o encerado dixital/ordenador e mais proxector como ferramenta de apoio á explicación do profesor, exposición por parte dos alumnos, resolución de problemas, etc. O alumno contará con lapis, bolígrafos e caderno para ir anotando o que considere oportuno ou o que o profesor lle indique, así

como os ordenadores ABALAR no caso do alumnado da ESO para realizar as tarefas programadas.

- Materiais audiovisuais: o vídeo ou o DVD son os máis adecuados, xa que existe abundante material didáctico que pode ser utilizado na aula. A maiores, o acceso a internet completa a oferta de recursos audiovisuais
- Materiais de laboratorio: para as diferentes actividades prácticas de laboratorio, utilizarase o material dispoñible no mesmo.
- Materiais de busca de información: dirixidos ós alumnos, deben estar compostos de materiais individuais e colectivos. Os primeiros deben cumprir unha función de consulta e motivación; os segundos, ampliar as posibilidades de obter información sobre temas variados sen as limitacións do libro de texto. O acceso á biblioteca ou a internet son os máis adecuados.
- Materiais informáticos: basicamente, utilizaranse programas titoriais de Bioloxía e Xeoloxía obtidos en páxinas gratuítas de Internet, nos cales se utilizan applets de simulación de situacións. Neles, os alumnos poden cambiar o valor das diferentes variables e executar o programa tantas veces como sexa necesario, sacando así as súas propias conclusións mediante a elaboración e contraste de hipóteses. Ademais, empregarase o canón de vídeo para a proxección na clase de presentacións de PowerPoint e visualización de imaxes, esquemas e mapas conceptuais das diferentes unidades didácticas.

Nas aulas da ESO contarase co equipamento que ofrece o Proxecto E-dixgal, de xeito que se disporá dun encerado dixital interactivo con canón de vídeo incorporado e dun ordenador portátil para cada alumno.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

Con vistas a obter información do nivel académico do alumnado en cada unha das materias de ESO impartidas polo departamento de Bioloxía e Xeoloxía, durante a primeira semana farase unha análise dos informes individualizados.

Nos primeiros días de clase, o profesorado realizará unha proba de avaliación inicial, que pode consistir nun cuestionario para ser cuberto polo alumnado. A súa finalidade é a de cuantificar de xeito aproximado os coñecementos que posúen de cursos anteriores. Os informes individualizados, xunto ás probas de avaliación inicial, permitirán a detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas e as competencias clave non desenvolvidas no curso anterior. En base a isto, poderemos tomar as decisións oportunas de actuación para a correcta formación do alumnado.

Durante todo o curso, se avaliará ó alumnado dunha forma continua, mediante diferentes procedementos que aseguren a consecución dunha avaliación formativa ó longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Non obstante, é imprescindible realizar tamén unha actividade de avaliación inicial que nos indique o nivel de aprendizaxe coa que debemos comezar cada unidade didáctica. Deste xeito, poderase introducir as modificacións necesarias na programación para axustar a aprendizaxe ás necesidades reais dos alumnos. As probas de avaliación inicial realizaranse ó inicio de cada bloque temático e tratarán de determinar os coñecementos sobre conceptos, procedementos e

actitudes dos alumnos. Utilizaranse dous instrumentos de recollida de información:

- Cuestionarios escritos individuais.
- Posta en común de temas e preguntas.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>12</b>	<b>7</b>	<b>10</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	70	90	70	85	60	70	70	50	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	10	30	15	40	30	30	50	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	40	<b>69</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	60	<b>31</b>

**Criterios de cualificación:**

O 40% da nota corresponderá ás producións dos alumnos: Inclúe as actividades por escrito de clase, de laboratorio e complementarias. Valorarase a presenza/ausencia de contidos, presentación, grado de resolución acadado nas actividades e o adecuado cumprimento dos guións de actividades de laboratorio e complementarias. A presenza de faltas ortográficas suporán unha redución na cualificación (0,01 por cada falta ortográfica) ata un máximo de 1 punto neste apartado (0,4 puntos da nota final). Non se puntuarán os traballos presentados fóra de prazo.

b) 60% da nota corresponderá ás probas escritas: Valorarase tanto o nivel de contidos como a correcta presentación, ortografía e expresión. A presenza de faltas ortográficas suporán unha redución na cualificación (0,01 por cada falta ortográfica) ata un máximo de 1 punto en cada proba escrita. A nota final obterase calculando a media das notas acadadas en cada proba escrita.

## RECUPERACIÓN

Disporase de probas de recuperación para aqueles alumnos/as que non acaden os obxectivos estipulados para cada unha das avaliacións nas que se divide o curso académico. Realizaranse probas de recuperación ó finalizar cada avaliación: a comezos

da segunda avaliación realizarase unha proba de recuperación do primeiro trimestre; ó comezo da terceira avaliación, realizarase a proba para recuperar o segundo trimestre; e a recuperación da terceira avaliación será realizado durante o período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, xunto coas medidas de recuperación das restantes avaliacións non superadas, de ser o caso.

O período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de reforzo, recuperación e ampliación. No caso do alumnado que non superou algunha ou ningunha das avaliacións, terán a posibilidade de recuperar as avaliacións non superadas durante este período. O procedemento de recuperación no mencionado período realizarase seguindo os seguintes criterios, tendo en conta que o alumnado se presentará a aquelas avaliacións que non teñan superadas, prevalecendo a cualificación máis alta obtida para o cálculo da nota final:

- 40% da nota correspondente ás producións do alumnado: o alumnado que deba recuperar esta parte realizará un traballo individual indicado polo docente que versará sobre os contidos das avaliacións a recuperar

- 60% da nota correspondente á proba escrita: o alumnado que deba recuperar esta parte realizará unha proba escrita que incluírá contidos das avaliacións a recuperar.

Aqueles alumnos que non asistan a clase durante largos períodos de tempo, dos que, polo tanto, resulta moi difícil facer un axeitado seguimento académico e, aínda así, deban ser avaliados, farán unha proba escrita con cuestións referentes aos contidos conceptuais, procedementos e actitudes impartidos durante o período de ausencia.

#### Avaliación final

A nota da avaliación final de xuño calcularase facendo a media das notas obtidas en cada unha das avaliacións parciais, tomando a nota sen aproximar. No caso de que algún alumno/a tivese que realizar as probas de recuperación parciais ó longo do curso, para o cálculo da nota final prevalecerá a cualificación máis alta obtida.

Entenderase que o alumno superou a materia se a cualificación final é de polo menos 5 puntos.

#### **Criterios de recuperación:**

Cando un alumno ou alumna non supere unha avaliación, realizaráselle unha proba escrita de recuperación baseada nos criterios mínimos de aceptación das unidades asociadas a esa avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5.

Cando un estudante teña algunha avaliacións suspensa, terá a oportunidade de realizar unha proba global final baseada nos criterios mínimos de aceptación de todas as unidades correspondentes a dita avaliación. A avaliación será superada cando a súa nota sexa igual ou superior a 5. A nota final será nese caso a cualificación de dita recuperación.

No caso de decimais na nota final de cada avaliación e na cualificación final seguiranse os seguintes criterios:

- Decimais menores a 5 serán redondeados á enteiro inferior (exemplo: 6,4 correspóndelle un 6 na avaliación).
- Decimais iguais ou maiores a 5 serán redondeados ao enteiro superior (exemplo: 6.6 correspóndelle un 7)



## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución dos obxectivos. Teranse en conta as dificultades específicas dos alumnos e alumnas que polas súas circunstancias teñan algún inconveniente especial para rematar o cuarto curso da ESO.

Unha das tarefas do profesorado será a detección temperá das dificultades de aprendizaxe para, unha vez detectadas, tomar as decisións máis axeitadas para superalas poñendo ademais en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis axeitadas ás características do seu alumnado.

Estas medidas de atención á diversidade poden incidir tanto no currículo, coa intensificación da aprendizaxe dos contidos mínimos cun enfoque globalizador, como na organización, o alumno no contexto da aula e na atención individualizada como un proceso de axuste pedagóxico para acadar os obxectivos propostos. Neste sentido para os estudantes con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros discentes establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Diversidade individual:

Diversidade na comprensión:

- Non ten ningunha dificultade para entender os contidos. Medida: Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.
- Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles. Medida: Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.
- Ten dificultades para entender os contidos que se presentan. Medida: Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.

Diversidade na capacitación e desenvolvemento:

- Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).. Medida: Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.
- Ten pequenas dificultades. Medida: Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.
- Ten dificultades. Medida: Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos.

Diversidade de interese e motivación:

- Mostra un grande interese e motivación. Medida: Seguir potenciando esta motivación e interese.
- O seu interese e motivación non destacan. Medida: Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas
- Non ten interese nin motivación. Medida: Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementaise próximas á súa realidade.

Diversidade na resolución de problemas:

- Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións. Medida: Seguir fomentando esta capacidade.

- Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións. Medida: Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade

- Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan. Medida: Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.

Diversidade na comunicación:

- Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección. Medida: Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.

- Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita. Medida: Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.

- Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita. Medida: Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mello

Diversidade grupal

De comunicación:

- A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades. Medida: Non se necesitan medidas.

- A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades. Medida: Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.

- A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades. Medida: Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.

De interese e motivación:

- O grupo está motivado e ten grande interese. Medida: Non se necesitan medidas.

- Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese. Medida: Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.

- O grupo non ten interese e está pouco motivado. Medida: Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.

De comportamento e colaboración:

- O grupo ten bo comportamento e sempre está disposto a realizar as tarefas. Medida: Non se necesitan medidas

- Parte do alumnado ten boa actitude e colabora. Medida: Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.

- O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas. Medida: Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X

**Observacións:**

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Recoñecerase que a Ciencia é unha actividade humana e que, como tal, intervén no seu desenvolvemento e valorarase tanto as súas aplicacións como a súa incidencia no medio natural e social.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Auditoria ecolóxica do centro.	Analizar a pegada ecolóxica ocasionada polas actividades do centro e propoñer iniciativas para reducila			X

### Observacións:

Dende a área de Ciencias da Natureza adóitase organizar actividades extraescolares que axudan a desenvolver os contidos, incluíndo os transversais. Así, en saídas ao medio, tanto en horario lectivo como extraescolar, atópase ocasión para que o alumno aprenda a respectar a Natureza, a gozar con ela, a comportarse civicamente en situacións fóra da escola, a colaborar cos compañeiros... Todo isto tamén actúa como complemento doutros temas programados para a área. Tamén, para facilitar a relación “Ciencia-Tecnoloxía-Sociedade” sóense realizar visitas a industrias achegadas e outros centros de interese didáctico para completar o estudo da aula.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación

Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Participación activa de todo o alumnado
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas

### Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

Ademais nas reunións de departamento comentarse o grao de consecución dos criterios de avaliación das materias e constarán en actas as posibles modificacións. Xunto con estas reflexións e acordos tomados polos membros do departamento, a memoria final de curso será tamén un instrumento para concretar os principais problemas e boas prácticas en relación á programación. Con todos estes datos os membros do departamento tomarán acordos e realizarán as modificacións pertinentes que se deberán incluír na programación dos cursos correspondentes.

## 9. Outros apartados

### 1. Sen máis apartados

Non hai máis apartados.